

Xelmírez



175
aniversario

PLAN DE IGUALDADE DO IES A. XELMÍREZ I

*Os cuidados son fundamentais para o benestar das persoas,
coidar e que nos coiden explica a esencia das relacións humanas.*

Chis Oliveira/Amada Traba

Cando se quere a democracia, quérese o feminismo.

Celia Amorós

*Os homes non somos culpables dos privilexios herdados,
pero si o somos de perpetuos.*

Miguel Angel Arconada

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO.
3. ANÁLISE E DIAGNOSE
4. XUSTIFICACIÓN
5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS
6. CONTIDOS
7. ACCIÓNS COEDUCATIVAS (CURSO 2020/21)
8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS
9. DIFUSIÓN DO PLAN
10. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E REVISIÓN
11. GLOSARIO
12. ANEXOS: 1 (Incluído no presente documento) e 2 (SEPARATA. Resultados das enquisas)



1. INTRODUCCIÓN

A realización deste plan de igualdade xorde dende a idea fundamental de que a igualdade é un principio básico que rexe o funcionamento das sociedades democráticas. No caso concreto da igualdade entre homes e mulleres, hai anos que a normativa vixente, tanto europea como nacional, ampara o dereito á non discriminación por razóns de sexo ou outras razóns afectivo-sexuais, mais é de todos coñecido que este dereito non acadou aínda o grao necesario de desenvolvemento efectivo. Polo tanto, pensamos que no ámbito educativo resulta imprescindible levar a cabo actuacións estruturadas dentro dun plan xeral de centro, co obxectivo de axudar aos mozos e mozas a construír novas identidades, libres de prexuízos e estereotipos, que contribúan á creación dunha sociedade máis xusta, onde se admitan todas as diferenzas, pero se impidan as desigualdades. Para a realización deste ambicioso obxectivo, consideramos absolutamente necesaria a implicación, tanto teórica como práctica, de toda a comunidade educativa. O seu traballo transversal nas propostas aquí deseñadas debe marcar o camiño de transformación necesaria, para que a norma se convirta nun feito imprescindible nunha sociedade constituída por individuos libres e iguais.

O compromiso da comunidade educativa debe materializarse nunha realidade efectiva, non só nun desexo ou nunha declaración de boas intencións. Afortunadamente, a reflexión e a práctica feminista leva séculos na defensa da igualdade entre homes e mulleres e grazas a isto, as decisións políticas cobran forma e convértense en accións transformadoras, como é o caso da obrigatoriedade da elaboración dun plan para a igualdade nos centros de ensino. Pero tamén resulta certo que na teoría feminista, a presenza feminina é maioritaria, polo que nos vemos na necesidade de salientar a importancia de que os varóns das comunidades educativas fagan o esforzo de interiorizar estas reivindicacións como propias e, así, as propostas destes plans non queden unicamente en mans femininas, como vén sendo habitual. A identificación, reflexión e transformación de estereotipos opresivos resulta un labor esencial tanto para homes como para mulleres. Deste xeito, talvez, seremos quen de acadar unha proposta educativa liberadora e xusta que permita superar a perspectiva androcéntrica de cultura, e, por ende, da realidade.

Este cambio debe levarse a cabo dende dous dos piares fundamentais do construción das identidades: a familia e a escola. Así mesmo, neste complexo entramado, situamos as accións que se propoñen neste plan, que atopa o fío vertebrador na idea de que a educación é a ferramenta axeitada para a revisión de estereotipos de xénero, que están na base das condutas violentas e *lgbifóbicas*.

En conclusión, un plan coeducativo representa moito máis que un conxunto de propostas e actividades vinculadas coa igualdade entre homes e mulleres, representa unha reflexión xeral sobre que queremos ensinar, como queremos facelo e cal é o tipo de sociedade que queremos construír, a través dunha acción coeducativa que exerce un importante papel transformador cara a unha comunidade máis libre e, polo tanto, máis xusta. O plan de igualdade persegue o obxectivo de liberar aos mozos e mozas dos estereotipos de xénero e convertelos en seres humanos diversos, mediante accións que axuden a mudar sensibilidades.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DE CENTRO

2.1 CONTEXTUALIZACIÓN DE CENTRO.

A educación é unha tarefa de equipo na que intervén toda a comunidade educativa. Así pois, o reto principal para acadar os obxectivos do plan de igualdade reside no proceso de discusión interna dos e das compoñentes da comunidade escolar e no traballo coeducativo e solidario de todos e todas. Existe unha serie de requisitos previos sen os que o impulso desta tarefa non será posible, tales como a motivación do profesorado, o apoio do persoal non docente, a colaboración dos pais e nais e, por suposto, do propio alumnado. Xa que logo, como consecuencia do exposto anteriormente, este Plan de igualdade pretende ser o resultado do traballo de toda a comunidade educativa do IES Xelmírez I.

O instituto de educación secundaria Arcebispo Xelmírez 1 é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte estudos obrigatorios, bacharelato, un ciclo formativo de grao medio de Video Disc Jockey e Son e o ciclo formativo de formación profesional básica de informática de oficina. Conta cun total de 854 alumnos/as e 86 profesoras/es (Vid datos desglosados en Anexo 1: táboas 1, 2, 3, 5 e 6)

O centro, cunha grande tradición pedagóxica, está situado no barrio de Poza de Bar e Campus Sur de Santiago e, estruturalmente, está integrado por dous edificios independentes.

Tradicionalmente, considerábase que os centros de ensino ubicados no casco urbano acollían maioritariamente alumnado de nivel socioeconómico medio ou medio-alto, cuxas familias vivían dos sectores secundario e terciario. Mais, as sucesivas crises, deron lugar a unha variabilidade laboral e, polo tanto, a situacións económicas diferentes nas familias das nosas alumnas e alumnos.

Por outra banda, hai anos podíamos afirmar que os rapaces e rapazas que estudaban nun centro urbano tiñan á súa disposición unha ampla oferta de ocio e maior acceso á cultura que os que vivían no rural. Na actualidade, co acceso xeneralizado ás novas tecnoloxías e á internet, estas diferenzas diminuíron notablemente.

Os datos que nos ofrecen os cuestionarios realizados polo EDL para a redacción do PLC (ano 2018) sitúannos ante unha realidade diferente cando falamos do alumnado das ensinanzas de réxime xeral e aquel que completa os seus estudos acudindo á ensinanza de persoas adultas. A maioría do alumnado de réxime xeral é galego de nacemento, e só o 13,3% afirma ter nacido no ámbito rural. Menos dun 3% do noso alumnado de diúrno é estranxeiro e semella estar razoablemente ben integrado no seu contorno e no centro. No réxime de adultos, case o 10% de alumnos e alumnas é estranxeiro, e o 25% dos e das enquisadas afirma residir na actualidade no rural.

A afeccións máis populares entre o alumnado de nocturno e o de diúrno son saír coas amizades, a televisión e a internet e as redes sociais. Resulta desalentador comprobar que máis da metade dos e das enquisadas non le nunca voluntariamente.

2.2 CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

O plan de igualdade atopa xustificación normativa en numerosas leis estatais e autonómicas, decretos e tratados. O obxectivo fundamental que pretende a igualdade, no caso concreto da educación, adquire unha importancia estratéxica, que está avalada por un amplo marco normativo europeo, estatal e autonómico. Dada a súa trascendencia para acadar un sistema educativo igualitario e para eliminar as desigualdades sexistas da sociedade, os obxectivos e contidos deste plan deben atopar reflexo e respaldo tamén nos restantes documentos do centro educativo (PEC, PAT, NOF ou Plan de convivencia) Non se debe desvincular a coeducación de convivencia, posto que a primeira é condición para que exista a segunda, de aí que o Plan de Convivencia teña unha perspectiva coeducativa, especialmente na diagnose realizada e nos obxectivos xerais. Como obxectivo específico para o alumnado varón, contéplase o deseño de estratexias para motivar o seu interese por actividades maioritariamente levadas a cabo por alumnas e favorecer a participación destas en todas as actividades deportivas.

A igualdade entre homes e mulleres constitúe na Unión Europea un dos principios de actuación das institucións, como figura no artigo 8 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. No eido educativo, podemos nomear a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, a cal considera que os estereotipos de xénero teñen aínda influencia no ámbito educativo e destaca o papel decisivo da educación na eliminación dos mesmos.

A Constitución española de 1978 reconece no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, e establece no artigo 9.2 que é un deber dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

Paralelamente, o Estatuto de Autonomía atribúelles o mesmo deber aos poderes públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que a promoción da igualdade ten que estar pesente en toda a actividade administrativa autonómica, principalmente a que ten que ver coa educación.

O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (así como a actual LO 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade do ensino, que modifica a anterior) pon de manifesto, a nivel estatal, que a educación é o medio de transmitir e renovar a cultura e o acervo que a sustenta. Considera que a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como a igualdade efectiva de oportunidades, persegue como fin principal, superar os comportamentos sexistas. Esta Lei, no seu artigo 1, establece como principio da educación "*o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero*". O artigo 2 di que o sistema educativo buscará acadar fins como a "*educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)*".

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, establece no artigo 23 que "*O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a*



eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros"

Esta mesma lei, no seu artigo 24 refire a integración do principio de igualdade na política de educación, e establece que *"as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou por estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes"*

Máis adiante no mesmo artigo instase ás administracións a:

- prestar atención nos currículos de todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre homes e mulleres,
- eliminar e/ou rexeitar comportamentos e contidos sexistas, así como estereotipos discriminatorios (especialmente nos libros de texto e materiais educativos),
- fomentar a formación en igualdade entre o profesorado,
- promover o equilibrio entre mulleres e homes nos órganos de control e goberno dos centros docentes,
- cooperar co resto de administracións educativas no desenvolvemento de programas dirixidos a coñecer e difundir a coeducación e a igualdade efectiva entre mulleres e homes
- e establecer medidas co obxecto de recoñecer o papel das mulleres na Historia.

Existen, así mesmo, moitas disposicións normativas autonómicas que recollen instrumentos para conseguir unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes:

- O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, establece no artigo 17, o currículo regulador do sistema educativo, que *"a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionarlles, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade"*.

Nesta liña, o currículo regulador da práctica docente adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.



B. O enriquecemento do contido curricular con contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co apropiado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan, cando alcancen a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, incluso as cargas parentales e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

O artigo finaliza dicindo que a Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, a igualdade e a violencia de xénero.

O artigo 18 do Decreto versa sobre a erradicación de prexuízos nos centros docentes, e sostén que non se admitirán nun centro docente desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. Tamén establece o artigo 18 que as e os "docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia no seo da comunidade escolar e aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres" Neste artigo, faise referencia ás NOF dos centros educativos, mantendo que se deben explicitar nos mesmos as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas. Así que, estas medidas deben figurar tamén nas Normas de organización, funcionamento e convivencia do IES Arcebispo Xelmírez 1.

- O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Tamén os decretos aprobados nos últimos anos, que regulan cada currículo de ciclos formativos e os ensinos especiais, teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.
- Do mesmo xeito, a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, adica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, e refírese en concreto

ao ámbito educativo, dado que nos últimos estudos oficiais se observa a persistencia e patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas.

Por outra banda, respecto da integración da diversidade sexual, que tamén tratamos no Plan de Igualdade, encontramos xustificación nas seguintes normas:

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, adica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación.
- Esta lei establece a incorporación da realidade LGTBI nos plans de estudos e contidos transversais de formación de todo o alumnado galego nas materias en que proceda; fomenta tamén a visibilización na educación dos diferentes modelos de familia establecidos na lei. No artigo 23, ínstate á Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, a fomentar a realización de actividades para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero. O artigo 24 promove a formación neste eido para o persoal docente. No 25 propónse a implicación das ANPA na divulgación da realidade LGTBI, mentres que no artigo 26 se establece a necesidade de combater o acoso e favorecer a visibilidade do alumnado LGTBI.
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, inclúe entre os seus elementos transversais evitar *“os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”*.

E noutra orde de cousas, o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro) contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas e actuacións, incluíndo a mediación na xestión de conflitos. Tamén debe conter actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia, recóllese a educación en igualdade e os mesmos dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

O Plan de Igualdade e o de Convivencia e as súas respectivas comisións, xa que logo, deben reforzarse mutuamente na atención a estes principios e arelar unha serie de obxectivos comúns. Entre os obxectivos principais están:

- fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas,
- avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres,
- facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas,
- fomentar e favorece as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros.

3. ANÁLISE E DIAGNOSE

A análise realizouse a partir de:

- Lectura e interpretación dos datos extraídos das enquisas feitas a toda a comunidade educativa: 1ª/2º ESO (62%), 3º/4º ESO (99%), BAC diúrno (85%), BAC nocturno (42.5%), ESA (38%), Ciclo (15.5%), FP Básica (62%), Profesorado (41%), Familias (9.6%), Persoal non docente (27%) (Vid Anexo 2)
- Enquisas realizadas pola Facultade de Psicoloxía sobre sexismo, mitos do amor romántico e dependencia emocional realizadas en 3º/4º ESO e 1º BAC (93%) (Vid Anexo 2)
- Indicadores de interese obtidos a través de informes prefigurados do XADE.
- Programación Xeral de Centro
- Observación diaria na aula e diferentes espazos do centro.

A diagnose, despois de analizar todo o anterior, pode resumirse no detallado a continuación:

ALUMNADO

TÁBOA 1				
EU SON...	MOZA	MOZO	Xénero non binario	Outros
1º / 2º ESO 108 respostas	56 (52.8%)	47 (44.3%)		3 (2.7%)
3º / 4º ESO 162 respostas	72 (45,3%)	86 (54,1%)		1 (0.6%)

BAC DIURNO- 180 respostas	98(55.4%)	77(43.5%)	1 (0.6%)	
BAC NOCTURNO-43 respostas	17 (39.5%)	26 (60.5%)		
ESA- 35 respostas	16 (45.7%)	18 (51.4%)	1 (2.9%)	
CICLOS-12 respostas	2 (16.7)	8 (66.7%)	2 (16.7%)	
FPBÁSICA-32 respostas	7 (23.3%)	23 (76,7%)		

RESULTADOS ACADÉMICOS. Peores notas nos mozos, despois de ler os datos da 1ª avaliación, sendo un 36% alumnos da ESO os que suspenden 3 ou máis materias, fronte a un 24% de alumnas. Destaca o nivel de 4º ESO, onde hai máis alumnado varón e, especialmente, os grupos de 4º A e B, onde o desequilibrio no número de alumnos e alumnas é manifesto e pode resultar un factor determinante (por ex. en 4º A hai 20 alumnos e 9 alumnas). No BAC diúrno, tamén a porcentaxe de 3 ou máis materias suspensas é superior nos alumnos (37% fronte a 26.5%).

CONFLITIVIDADE. Os alumnos son protagonistas dos partes de incidencia e as derivacións por condutas disruptivas (no curso 2019/20, son 39 nenos con 54 partes e 8 nenas con 11 partes). Algunhas dos conflitos veñen derivados da práctica do fútbol durante o recreo.

REPRESENTATIVIDADE ESCOLAR. Paridade nas persoas delegadas en ESO e BAC diúrno (Vid Anexo 1: táboa 4), feito que non acontece no horario nocturno (9 alumnos e 4 alumnas), o que tamén pode relacionarse cos datos extraídos das enquisas de BAC nocturno, ESA, FPB e Ciclos no mantemento de estereotipos.

No Consello Escolar, maior número de alumnas (3 fronte a 1 alumno).

ESTEREOTIPOS. Persistencia dos estereotipos sexistas (físicos e de personalidade), que seguen estruturando as identidades e manteñen as xerarquías de xénero, atribuíndo un valor distinto e na maioría dos casos, superior, a todo o que pertence ao xénero masculino. Percíbense, por exemplo, en que unha parte de noso alumnado, non maioritaria segundo as cifras, segue a asociar as mulleres coa tenrura, fermosura, sensibilidade ou paciencia e os homes, coa agresividade e valentía. Recoñécese nos varóns (por parte de mozas e mozos) unha maior contención á hora de expresar emocións tradicionalmente asociadas ás mulleres. En cambio, estarían en retroceso aqueles estereotipos que asocian *muller* con debilidade e menor capacidade de raciocinio e *home* con provedor e *pater familias*.

A pervivencia de estereotipos tamén se percibe cando se utilizan as diferenzas biolóxicas para connotar positiva ou negativamente un e outro sexo. Así, utilízase a suposta superioridade física dos homes para xustificar a práctica de diferentes deportes e/ou o desempeño dunha ou outra profesión. Pola contra, a regra está interiorizada como algo negativo en todos os niveis educativos (especialmente nas mozas), o que evidencia a súa estigmatización e deriva en carencias informativas e invisibilidade social.

Resulta relevante a identificación das mozas coa maternidade e o rol de nai, en contraste cos mozos, que non se ven atados á paternidade. Indica este dato a construción distinta



dos proxectos de vida dos mozos (ser para si – liberdade) e das mozas (ser para os outros-cumprir o destino biolóxico e cultural: ser reprodutor e coidador).

Outro aspecto onde resulta revelador o mantemento dos estereotipos é o número de alumnas e alumnos nas diferentes actividades lúdicas/complementarias e nas estruturas de axuda (Vid apartados COIDADOS e ACTIVIDADES LÚDICAS/COMPLEMENTARIAS / Vid Anexo 1: táboa 7).

COIDADOS. Maior equilibrio no reparto das tarefas e seguimento académico das crianzas, pero os coidados do fogar, crianzas e maiores seguen a asociarse á muller. Isto amósase cando se sinala unha única figura familiar na realización destes labores.

A implicación de maior número de mozas no equipo de Mediación (1 mozo e 6 mozas) e Cibermentoría (1 mozo e 8 mozas) e as baixas nos equipos de axuda (2 nenos e 0 nenas) indica a diferente educación emocional duns e doutras. Neles estímúlanse máis os valores da competitividade (pode verse no recreo e a práctica deportiva) e do enfrontamento, e minusvalóranse o coidado e a identificación coas outras persoas. Esta empatía e desexo de formarse para axudar na xestión de conflitos é o que explica a diferenza numérica sinalada anteriormente.

LINGUAXE. Os estereotipos volven invisibles as desigualdades; un exemplo pode ser o uso dunha linguaxe sexista, máis percibido pola mozas, que amosan unha maior esixencia, mentres que nos mozos se manifesta menor sensibilidade, concedéndolle menor importancia e considerando os mínimos como suficientes. Igualmente no profesorado, quen a nivel xeral, e segundo a opinión do alumnado, non o incorpora nas aulas de xeito habitual.

Aínda que non acontece nas intervencións privadas, si hai grupos onde hai menos intervencións públicas das alumnas na clase. Estas poden chegar a asumir o seu papel secundario fronte á presenza dos compañeiros, que tenden a dominar o espazo público.

VIOLENCIAS. A violencia, tanto simbólica como física, adoita ter como obxecto as rapazas, o cal indica claramente que elas son e se senten vítimas e, polo tanto, teñen máis sensibilidade para observalas. Aínda así, as mozas non identifican determinadas violencias simbólicas como tales, como por exemplo o canon de beleza, pero sofren a súa presión social e a lei do agrado, estando pendentas da mirada e xuízo alleos.

Nas relacións sentimentais, hai unha normalización de certos patróns de conduta nocivos, como a posta en cuestión da valía da parella, elemento indicador de certa violencia psicolóxica non detectada como tal. Nos mozos hai unha menor percepción da violencia machista en todo os ítems. A este respecto, resulta moi preocupante que a consideración de determinados ítems como *non violencia*, por parte dos mozos, é máis alta en 3º /4º e BAC, cando xa existen relacións sentimentais. E cómpre engadir que nestes niveis algúns mitos do amor romántico (paixón eterna, o amor é cego) e a dependencia emocional puntúan máis alto.

Tamén destaca o medo nas mozas ás agresións sexuais e o recoñecemento (en menor medida) dos mozos da existencia dese sentimento.



As mozas son obxecto de agresións verbais na rúa e a maioría sufriu ou observou algunha discriminación. Incrementábase nos cursos superiores o número de mozas vítimas de agresións sexuais en diversos contextos e situacións (rúa, festas...)

Algúns alumnos, **dentro** do centro, utilizan unha linguaxe obscena, dirixen xestos non apropiados e realizan tocamientos non desexados (violencia sexual) ás compañeiras.

CURRÍCULOS. Compróbase un déficit da inclusión da igualdade nos currículos escolares, especialmente algunhas relacionadas co ámbito científico-tecnolóxico e a Educación Física. Introdúcese máis esta temática nas materias consideradas de Letras, as cales, por tradición, adoitan estar cursadas por máis alumnas. As mozas sinalan máis cós mozos esa carencia de coñecemento dunha xenealoxía feminina. Relacionada coa Educación Física, contan algunhas alumnas e incluso alumnos de 1º/2º ESO, a discriminación sufrida, en Primaria, por algunhas nenas nesta materia.

Fóra dos currículos formais, a través do chamado currículo oculto, tamén se transmiten discursos lonxanos á igualdade.

PATIO. Obsérvase un claro desequilibrio no uso deste espazo e no tipo de actividades que nel se desenvolven, pois especialmente as alumnas mencionan as desigualdades padecidas no patio e a súa zona central. Este é un dos espazos educativos máis valorados do centro, que non se comparte na práctica dalgúns deportes, pois o poder e o control está nas mans dos alumnos. Incluso, chegado o momento, hai unha renuncia das mozas a ocupalo pola presión ambiental exercida sobre elas. Este tema volve aparecer nas observacións de mozas e mozos de 1º/2º, reclamando equidade no uso desta zona do centro. En BAC, obsérvase pouca capacidade analítica polo que respecta á importancia da distribución espacial no establecemento de xerarquías ou poder. As razóns poden estar ou na interiorización de que ese lugar non lles corresponde e/ou en que non representa un espazo moi frecuentado polo alumnado de BAC.

Destacar que nas actividades deportivas desenvoltas no recreo participan máis os alumnos, especialmente cando se xoga ao fútbol, provocando as protestas das alumnas, especialmente en 1º ESO, o que acentúa tamén a conflictividade orixinada neste espazo, case sempre derivada deste deporte. En deportes como baloncesto ou bádminton, incrementábase o número de alumnas.

ACTIVIDADES LÚDICAS E COMPLEMENTARIAS: tres clubs de lectura, formados maioritariamente por alumnas (27 alumnas e 2 alumnos) / teatro (3 nenos e 7 nenas) / Club de ciencia (11 nenas e 3 nenos) / Grupo solidario (19 nenas e 2 nenos) / xadrez (20 nenos e 5 nenas) / actividades deportivas (sobre todo nenos en deportes como o fútbol e algunhas nenas en baloncesto e bádminton). Estas cifras revelan: primeiro, que a construción das identidades fai que eles se sigan sentindo máis atraídos por actividades de movemento e competitivas e elas por aquelas asociadas á relación, á palabra e ao coidado; segundo, que os alumnos non contemplan a realización de actividades fóra do horario lectivo (tanto o xadrez como as actividades deportivas son no recreo) e as alumnas si (todas aquelas onde elas son maioría, son fóra do horario lectivo). Isto tamén acontece no profesorado, polo que os usos do tempo tamén reflicten desigualdades.



FEMINISMO. En xeral, hai un recoñecemento por parte de mozas e mozos de desigualdades para unhas e privilexios para outros.

Pero nos mozos apréciase menos reflexión, máis indiferenza e rexeitamento. Menor reflexión porque non posúen habilidades suficientes para realizaren análises significativas da realidade (exemplo: recoñecen máis as violencias literais que as simbólicas) e porque lles falta capacidade de observación para detectaren a desigualdade. Maior indiferenza porque eles non son o obxecto das discriminacións nin conscientes dos custos sociais do machismo, o que os leva a manterse á marxe, como se o asunto non fose con eles. E, por último, aparece o rexeitamento cara ó termo feminismo, posto que consideran esta concepto como un ataque aos dereitos dos homes, en canto que os converte, por definición, en *sospeitosos habituais* de machismo. Isto leva a moitos rapaces a declararse como *non feministas*, aínda que afirman defender a igualdade.

Como dato do curso 2019/20, anotar o número de alumnos e alumnas nas materias de Igualdade de Xénero en 2º ESO (28 alumnas e 6 alumnos) e en Coeducación para o século XXI (16 alumnas e 3 alumnos).

PROFESORADO

(Enquisa contestada por 26 mulleres e 9 homes)

Contamos cun claustro formado por 86 persoas, cos departamentos didácticos fortemente feminizados, excepto en Tecnoloxía e Ciclos. Destaca a baixa receptividade da enquisa no sector docente, sobre todo, entre os profesores (contestárona un 31% de homes fronte a un 46% mulleres) o que indica a necesidade dunha maior implicación nos procesos coeducativos por parte deste sector do claustro.

Detéctase unha ampla formación na maioría do 41% das persoas que responderon, cunha actitude moi positiva con respecto á coeducación escolar. Exemplos desta boa disposición son o uso dunha linguaxe non sexista, a revisión dos materiais/libros de texto e currículos androcéntricos, así como a posta en práctica dunha mirada capaz de detectar actitudes sexistas no alumnado. De aí a necesidade que se percibe á hora de formación enfocada cara ao profesorado, co obxectivo de elaborar currículos igualitarios e de crear protocolos específicos de actuación.

Fóra da enquisa, obsérvase no centro unha vontade de emprego dunha linguaxe non sexista a nivel escrito e oral, nalgúns contextos formais. Aínda así, precísase seguir revisando a linguaxe escrita de páxina web e documentos oficiais.

Relacionado coa Biblioteca, as actividades vinculadas a ela, case todas relacionadas con algunha conmemoración, son desenvoltas maioritariamente por mulleres. De feito, o equipo está formado por 10 mulleres e 1 home. Os catro clubs de lectura son coordinados por tres profesoras e un profesor e no club de lectura de adultos, as persoas asistentes son habitualmente 7 profesoras, 1 profesor, 3 nais e 1 pai. O coidado segue asociado pois ao feminino. Pola contra, a supervisión, seguimento e mantemento das TIC son compartidas por 1 profesora e 1 profesor.



FAMILIAS

Os datos deste sector educativo non resultan significativos, pola acollida mínima desta enquisa entre as familias do IES Xelmírez I (9.6%). Isto debería facernos reflexionar sobre a canle e o método informativo máis axeitados, que permitan a realización maioritaria do inquérito, ademais da necesidade de tender pontes coas familias, máis alá do lóxico interese polos contidos académicos.

Así e todo, nas repostas obtidas obsérvase unha concepción estereotipada dos xéneros:

- Tarefas de coidados asociados principalmente á muller, coidado que tamén se pode estender ao interese por cubrir a enquisa e estar máis pendente das actividades realizadas no centro (28 eran mulleres, 9 homes e 4, ambos membros da parella).
- División estereotipada das tarefas do fogar (seguen a pasar o ferro e limpar os baños, elas e seguen a levar o coche ao taller, eles; facer a compra e a comida xa son tarefas que se equilibran nun reparto igualitario)
- Mantemento de estereotipos nas actividades extraescolares das crianzas.
- Influencia dos xoguetes, a publicidade e a roupa na construción dos roles de xénero.
- Escasa consideración dos celos e do control como violencia machista.
- Un 41% das familias coñecen casos de discriminación por orientación sexual.

PERSOAL NON DOCENTE

Ao igual que nas familias, os datos resultan moi pouco representativos, pois só 3 de 11 persoas cubriron a enquisa (dúas delas mulleres). Percíbese unha actitude positiva cara á igualdade no ensino, unha escasa percepción de discriminación no instituto e unha nula apreciación de burlas por orientación sexual.

Como conclusión e utilizando unha importante ferramenta de diagnose, que empregaremos tamén posteriormente como elemento de avaliación, contamos co **DAFO** (acrónimo de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Debemos determinar, logo, no punto de partida do Plan de Igualdade cales son os puntos débiles, cales os aspectos que poden interferir negativamente na consecución dos nosos obxectivos, os puntos fortes con que contamos na actualidade e as oportunidades ou aspectos que poden influír positivamente e que hai que aproveitar no futuro.



<p style="text-align: center;">Debilidades</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de referentes masculinos no claustro, involucrados nas actividades propostas, que trae como consecuencia a urxencia de traballar novas identidades masculinas. Escasa participación dos alumnos nas diferentes actividades (teatro, clubs de lectura e ciencia, convivencia...) e nas materias de igualdade e coeducación. 2. Escasa participación das familias na cumprimentación das enquisas coeducativas. 3. Pouca extensión do traballo coeducativo entre o profesorado e escasa motivación nunha parte do alumnado, especialmente mozos. 4. Descoñecemento xeneralizado das teorías feministas 	<p style="text-align: center;">Fortalezas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Con respecto a promocións anteriores, percíbese entre o alumnado, un desexo de cambio cara unha sociedade máis igualitaria. 2. Boa receptividade e apoio da maioría do claustro na consecución deste logro. 3. Boa receptividade e apoio do equipo directivo. 4. Existencia das materias de Igualdade e Coeducación.
<p style="text-align: center;">Ameazas</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Persistencia de roles e estereotipos de xénero interiorizados entre o alumnado. 2. Proliferación entre o alumnado dun discurso que disfraz de igualitaria unha cotiandade desigual. 	<p style="text-align: center;">Oportunidades</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Maior interese, con respecto a promocións anteriores, por parte do alumnado de réxime xeral, na loita pola igualdade. 2. Apoio da ANPA.

Como complemento ao DAFO, temos o instrumento de análise **CAME** (**Corrixir** os puntos débiles, **Afrontar** as ameazas, **Manter** os puntos fortes e **Explotar** as oportunidades) propostas de acción para mellorar e avanzar no plan de igualdade, unha vez realizada a avaliación.

4. XUSTIFICACIÓN

Os resultados das enquisas, realizadas ao alumnado do centro, fan posible unha diagnose do grao de desenvolvemento e profundización das ideas coeducativas entre os mozos e as mozas. Podemos concluír que a maior parte do alumnado (máis as mozas que os mozos) observa a necesidade de que toda a comunidade educativa traballe na mellora dalgúns aspectos básicos da coeducación (véxase Anexo 2: resultado das enquisas) e séntese implicado na procura dunha sociedade máis igualitaria e, polo tanto, máis xusta. De tal xeito, que vemos un alto nivel de sensibilidade cara ás cuestións de xénero, mais



tamén nos decatamos da falta de ferramentas analíticas para realizaren unha análise crítica da realidade, que sirva para desbotar prexuízos e estereotipos opresivos e perniciosos.

O alumnado é quen de identificar os problemas e os desaxustes na construción de identidades libres, pero non ten ferramentas para atopar as causas deses desaxustes nin posúe a capacidade de establecer mecanismos de corrección. Por estas razóns, pensamos que resulta absolutamente indispensable artellar un Plan de Igualdade no centro no que se intente estruturar de forma conxunta e coherente, tanto ferramentas teóricas de análise crítico como prácticas de atención á construción de novas identidades. Para isto, cómpre unha acción en dúas bandas: unha teórica e outra práctica. No primeiro eido é precisa a divulgación dos conceptos básicos da teoría feminista (tanto no profesorado como no alumnado), que permita realizar unha análise crítica das causas e consecuencias dos estereotipos e, polo tanto, aporte posibles solucións para a superación de estereotipos opresivos e mesmo degradantes. Por outra banda, resulta indispensable que estes conceptos teóricos atopen unha canle de concreción en prácticas e actividades que axuden aos mozos e mozas a comprender que a identidade é unha práctica individual, produto da acción social, que pode ser desenvolvida de xeito harmónico e respectuoso coas diferencias. Como resultado do anterior, e sendo coñecedoras de que todo Plan de Igualdade é un camiño longo, cheo de vaivéns, temos a intención de marcar un obxectivo incuestionable que vaia encamiñado á construción dunha nova escola coeducativa e baseada no bo trato e no desenvolvemento das identidades e capacidades do noso alumnado, nun ambiente de respecto, riqueza cultural, creatividade e, por suposto, liberdade.

A identidade é resultado dun complexo proceso cultural que pode ser opresivo e inxusto, pero que tamén pode ser analizado e transformado. Para este importante labor, está deseñado este Plan de Igualdade, que se define polo seu extraordinario poder liberador.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

5.1 FORMACIÓN DO PROFESORADO.

- a. Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesores (homes).
- b. Exemplificar, co noso traballo diario, unha actitude coeducadora.
- c. Formar grupo de traballo para elaborar protocolos de actuación específicos.

5.2 ANALIZAR E REVISAR OS CURRÍCULOS.

- a. Desde unha perspectiva feminista, revisar os materiais didácticos empregados nas aulas, para detectar e corrixir de xeito progresivo, estereotipos sexistas ou discriminatorios, linguaxe sexista e a fenda de datos de xénero.
- b. Incorporar referentes femininos nos currículos das diferentes áreas.



5.3 COEDUCACIÓN EN EMOCIÓN

- a. Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.
- b. Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.
- c. Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

5.4 USO DUNHA LINGUAXE NON SEXISTA A NIVEL ORAL E ESCRITO.

- a. Consolidar unha linguaxe coeducativa escrita, en todos os documentos do centro: cartas e comunicados, cartelaría, boletíns... e tentar unha incorporación progresiva a nivel oral (aulas, claustro, titorías coas familias...).
- b. En contextos formais e lúdicos, evitar os chistes e comentarios sexistas, así como todo tipo de apelativos diversifóbicos.

5.5 PERSPECTIVA COEDUCATIVA NOS ASPECTOS ORGANIZATIVOS DE CENTRO:

- a. Promover a participación das alumnas nas actividades deportivas. Facilitar a utilización igualitaria de espazos no recreo para rapazas e rapaces, diversificando as actividades realizadas nel (patio, aulas...).
- b. Revisión de documentos.
- c. Presentación de datos académicos e de convivencia desagregados por sexo.
- d. Criterio coeducativo na composición dos grupos.

5.6 A DESIGUALDADE NAS RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS NA ADOLESCENCIA.

- a. Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades. Promover valores, tradicionalmente relacionados co feminino, como o coidado, a cooperación e a expresividade.
- b. Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.
- c. Dentro dun grupo de traballo, propoñer a elaboración dun protocolo de prevención, detección e intervención ante casos de violencia machista e lgbtífóbicos.
- d. Creación dun grupo LGBTI+

6. CONTIDOS

6.1 EMOCIÓN

- a. Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.
- b. As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

6.2 CURRÍCULOS

- a. Análise dos libros de texto e materiais curriculares.
- b. Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.
- c. O feminismo como movemento social, político e filosófico.
- d. As desigualdades e discriminacións por sexo.

6.3 ADOLESCENCIA. IDENTIDADES. RELACIONES.

- a. Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.
- b. Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.
- c. A construción social do amor.
- d. Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.
- e. Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.

6.4 LINGUAXE E INVISIBILIZACIÓN DAS MULLERES.

- a. Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

6.5 ASPECTOS ORGANIZATIVOS DO CENTRO.

- a. Ocupación e uso dos espazos: patio, aulas.
- b. Actividades deportivas.
- c. Equilibrio de alumnas e alumnos nos grupos.
- d. Presentación de datos desagregados por sexos.

7. PROXECTOS E ACCIÓN COEDUCATIVAS CURSO 2020-21

1. TÍTULO: EMOCIONADXS. COEDUCACIÓN EN EMOCIÓNS

DESCRICIÓN	<p>Nos distintos niveis da ESO e nalgunhas sesións de titoría, traballarase a educación emocional en igualdade, con actividades incluídas no PAT.</p> <p>En 2º ESO, 3º ESO e FPB, seis sesións de Emocionadxs. Coeducación en emocións.</p> <p>Outra proposta é incluír, nalgúns currículos, diversas propostas para traballar a educación emocional nas aulas.</p>
OBXECTIVOS	<p>Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.</p> <p>Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.</p> <p>Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo</p>
CONTIDOS	<p>Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.</p> <p>As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado de ESO
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Activa e participativa.</p> <p>Dinámicas en titorías.</p>
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación. Enquisa ao alumnado que recibiu sesións de <i>Emocionadxs</i>

2. TÍTULO: MATERIAS ESPECÍFICAS IGUALDADE DE XÉNERO (2º ESO) COEDUCACIÓN PARA O SÉCULO XXI (1º BAC)

DESCRICIÓN	<p>Seguir promocionando as materias de Igualdade de Xénero e Coeducación para o século XXI, desde as que se traballarán todos os contidos expostos anteriormente. O alumnado de 1º BAC realiza charlas en 1º ESO con motivo dalgunha data significativa e en 4º ESO para informar sobre a materia de Coeducación.</p> <p>O alumnado de 2º ESO efectúa no 3º trimestre un vídeo promocional sobre Igualdade de Xénero.</p> <p>Unha vez ao mes, MARTES LILAS (14:30 a 16:00)</p>
OBXECTIVOS	<p>Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.</p> <p>Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.</p> <p>Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.</p> <p>Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito.</p> <p>Evitar chistes e comentarios sexistas, así como todo tipo de apelativos diversifóbicos.</p> <p>Reflexionar sobre a utilización igualitaria de espazos no recreo para rapazas e rapaces, diversificando as actividades realizadas nel (patio, aulas...)</p> <p>Desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.</p> <p>Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.</p> <p>Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.</p> <p>Creación dun grupo LGBTI+</p>
CONTIDOS	<p>Emocións</p> <p>Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.</p> <p>As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.</p>



	<p>Adolescencia. Identidades, relacións.</p> <p>Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.</p> <p>Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.</p> <p>A construción social do amor.</p> <p>Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.</p> <p>Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.</p> <p>Linguaxe e invisibilización das mulleres.</p> <p>Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.</p> <p>Aspectos organizativos do centro.</p> <p>Ocupación e uso dos espazos: patio, aulas.</p> <p>Alumnado 2º ESO e 1º BAC.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Activa e participativa.</p> <p>ABP (Aprendizaxe baseada en proxectos)</p> <p>Material audiovisual. Prensa</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>Todo o curso.</p> <p>Difusión da materia: abril-maio</p>
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	<p>Observación. Valoración final do alumnado das materias. Demanda das materias no curso 21/22.</p>

3. TÍTULO: INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA COEDUCATIVA NAS ESTRUTURAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

DESCRICIÓN	<p>Mediación e Cibermentoría</p> <p>Na xestión de conflitos, análise de casos desde a perspectiva de xénero, dando especial atención ás redes sociais como espazos de relación.</p> <p>Equipos de axuda (EA)</p> <p>Equipos paritarios, onde a formación e seguimento tamén se fai atendendo a criterios coeducadores.</p>
-------------------	--



OBXECTIVOS	<p>As emocións</p> <p>Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.</p> <p>Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.</p> <p>Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos de centro.</p> <p>Criterio coeducativo na composición dos grupos.</p> <p>A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.</p> <p>Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.</p>
CONTIDOS	<p>Emocións</p> <p>Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.</p> <p>As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.</p> <p>Adolescencia. Identidades, relacións.</p> <p>Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.</p> <p>Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.</p> <p>A construción social do amor.</p> <p>Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.</p> <p>Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	<p>Alumnado dos equipos de axuda, mediación e cibermentoría.</p>
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Activa e participativa.</p> <p>Dinámicas, dramatizacións role-playing...</p> <p>Material: Torrego, Avilés e Boqué.</p>



TEMPORALIZACIÓN	Equipos de axuda: novembro Mediación e Cibermentoría: ao longo do curso
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación. Enquisas valorativas de alumnado, profesorado, familias e axentes formadores.

4. TÍTULO: PERSPECTIVA COEDUCATIVA NA REVISIÓN DOS DOCUMENTOS E A PÁXINA WEB DO CENTRO

DESCRICIÓN	Desde unha perspectiva coeducativa, revisar aqueles documentos, incluídos no PEC, que están sen actualizar, tanto nos contidos como na linguaxe. Revisión da linguaxe non sexista na páxina web.
OBXECTIVOS	Revisión de documentos. Consolidar unha linguaxe coeducativa escrita, en todos os documentos do centro, ademais de cartas, comunicados, cartelaría, boletíns...
CONTIDOS	Uso non sexista da lingua. Nivel escrito.
PERSOAS DESTINATARIAS	Toda a comunidade educativa.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Análise da documentación examinada.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación.

5. TÍTULO: PRESENTACIÓN DOS DATOS DESAGREGADOS POR SEXO

DESCRICIÓN	Presentación no Claustros/CCP/Consellos Escolares dos datos desagregados por sexo en informes/memorias de convivencia e resultados académicos.
OBXECTIVOS	Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos de centro.



CONTIDOS	<p>Uso dunha linguaxe non sexista a nivel escrito e oral.</p> <p>Linguaxe e (in)visibilización das mulleres.</p> <p>- Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	<p>Profesorado e integrantes do Consello Escolar pertencentes a outros sectores da comunidade educativa.</p>
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Análise dos datos.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>Todo o curso</p>
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	<p>Observación.</p>

6. TÍTULO: CURRÍCULOS IGUALITARIOS

DESCRICIÓN	<p>De xeito gradual, efectuarase unha actualización curricular e unha revisión dos materiais didácticos con perspectiva coeducativa.</p> <p>Durante o 1º trimestre, desde cada departamento didáctico, e desde a temática que se considere máis axeitada, realizarase un traballo de construción dun novo coñecemento. Este pretende incorporar nos currículos escolares, os saberes das mulleres nos diferentes ámbitos e como o coñecemento está consruído desde unha perspectiva androcéntrica. O labor realizado terá unha repercusión pública no centro a semana do 8 de marzo do 2021, período no que se visibilizarán todas as actividades realizadas. No caso de realizarse exposicións temáticas, poderanse organizar visitas das familias.</p> <p>A planificación e seguimento deste proxecto farase a través das reunión quincenais dos departamentos de Ciencias e Letras, en coordinación coa Comisión de Igualdade.</p> <p>Tamén se pode incluír como proxecto nalgunha materia, a análise dos libros de texto (imaxes, fotos, linguaxe, enunciados, temáticas...) Realizaríao o alumnado e deseñaría unha unidade desde unha óptica igualitaria.</p>
-------------------	---



Relacionado co anterior, tamén se inclúe unha relación de criterios coeducativos na selección dos libros de texto:

- Uso dunha linguaxe inclusiva non sexista.
- As imaxes que se recollen para ilustrar os diferentes temas presentan a diversidade que actualmente temos na nosa sociedade e non dan unha imaxe estereotipada das profesións, ocupacións e intereses das persoas.
- Presenza de varóns se se tratan temas relacionados co coidado e o afecto (de persoas e/ou labores domésticos)
- Presenza de mulleres cando se tratan temas científicos, tecnolóxicos, históricos, deportivos ou de iniciativa persoal e éxito profesional.
- O sexo das persoas profesionais que aparecen, se están mediatizadas por unha división do traballo.
- Protagonismo de mulleres e varóns nos diferentes temas que se traten, se existen referentes de mulleres empoderadas, con autoridade social ou política, se aparecen homes que sexan referentes dunha masculinidade non tradicional, se de maneira xeneralizada aparecen varóns como suxeitos da acción e mulleres como obxecto desas acción.

Aportación de mulleres e homes ao longo da historia en todos os ámbitos culturais, sociais ou políticos, resaltando que a aportación das mulleres foi, tradicionalmente, invisibilizada e descoñecida para o común da cidadanía.

OBXECTIVOS

Formación do profesorado.

Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesorado, especialmente homes.

Exemplificar, co noso traballo diario, unha actitude coeducadora.

Analizar e revisar os currículos.

Desde unha perspectiva feminista, revisar os materiais didácticos empregados nas aulas, para detectar e corrixir de xeito progresivo, estereotipos sexistas ou discriminatorios, linguaxe sexista e a fenda de datos de xénero.

Incorporar referentes femininos nos currículos das



CONTIDOS	<p>diferentes áreas.</p> <p>Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito.</p> <p>Currículos</p> <p>Análise dos libros de texto e materiais curriculares.</p> <p>Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.</p> <p>O feminismo como movemento social, político e filosófico.</p> <p>As desigualdades e discriminacións por sexo.</p> <p>Linguaxe e invisibilización das mulleres.</p> <p>Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	<p>Todo o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.</p>
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Cada departamento didáctico determinará a metodoloxía empregada, así como os materiais e recursos.</p> <p>Procurarase unha metodoloxía activa que busque e se centre no protagonismo do alumnado, o traballo en equipo e a curiosidade por descubrir outra visión dos temas curriculares.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>1º e 2º trimestre.</p>
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	<p>Observación. Número de profesorado e departamentos didácticos participantes nesta actividade. Participación e valoración do alumnado (enquisa). Participación das familias.</p>

7. TÍTULO: BIBLIOTECA

DESCRICIÓN	<p>As actividades coordinadas pola Biblioteca inclúen a coeducación como principio vertebrador (datas significativas, clubs de lectura, vitrina exterior...)</p> <p>O espazo FEMINISMOS, inaugurado no curso 2017-18, seguirá incrementando os fondos con títulos solicitados polos diferentes departamentos didácticos e considerados de interese para o alumnado.</p>
OBXECTIVOS	<p>Incorporar referentes femininos nos currículos das</p>



	<p>diferentes áreas.</p> <p>Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.</p> <p>Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.</p> <p>Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito.</p> <p>Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.</p>
CONTIDOS	<p>Currículos</p> <p>Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.</p> <p>O feminismo como movemento social, político e filosófico.</p> <p>As desigualdades e discriminacións por sexo.</p> <p>Adolescencia. identidades. relacións.</p> <p>Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.</p> <p>Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.</p> <p>A construción social do amor.</p> <p>Linguaxe e (in)visibilización da muller. Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	<p>Todo o centro.</p>
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>A conmemoración de datas significativas realizaranse en coordinación cos departamentos didácticos implicados, especialmente Educación Plástica.</p> <p>A vitrina coeducativa será utilizada como expositor de novidades ou como espazo temático, ben vinculado a algunha obra de lectura, ben algún día sinalado.</p> <p>Fondos bibliográficos.</p>
TEMPORALIZACIÓN	<p>Todo o curso</p>
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	<p>Observación. Enquisa valorativa.</p>

**8. TÍTULO: TODOS OS DÍAS SON 8. TODOS OS MESES SON MARZO**

(a realización desta actividade dependerá das adaptacións educativas derivadas da Covid 19)

DESCRICIÓN

Visibilizar o feminismo nos distintos ámbitos a partir de datas mensuais significativas, achegando ao alumnado dos distintos niveis, a necesidade dunha perspectiva feminista en diferentes disciplinas.

1. 21 de outubro. Día das Escritoras
2. 15 de novembro. Día da Filosofía + 25 novembro. Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres
3. 1 de decembro. Día Mundial da loita contra a Sida
4. 27 de xaneiro. Día Internacional de Conmemoración en memoria das vítimas do Holocausto + 30 de xaneiro. Día Escolar da Paz e a non Violencia
5. 11 de febreiro. Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
6. 8 de marzo. Día Internacional da Muller
7. 6 de abril. Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz
- 17 de maio. Día das Letras Galegas, Día da Internet, Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia

OBXECTIVOS

Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesorado (especialmente, homes)

Incorporar referentes femininos nos currículos das diferentes áreas.

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral

A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser

**CONTIDOS**

mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.

Emocións

Coeducación en emocións : educación emocional en igualdade.

As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

Curriculos

Análise dos libros de texto e materiais curriculares.

Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.

O feminismo como movemento social, político e filosófico.

As desigualdades e discriminacións por sexo.

Adolescencia. identidades. relacións.

Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.

A construción social do amor.

Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.

Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.

Linguaxe e invisibilización das mulleres.

Uso non sexista da lingua. Nivel oral.

Todo o alumnado do centro e profesorado.

**PERSOAS
DESTINATARIAS****METODOLOXÍA.
MATERIAIS E
RECURSOS**

Charlas e talleres.

Espazo: Aula Magna.

Honorarios poñentes: partida de Igualdade e centro.

TEMPORALIZACIÓN

De outubro a maio.

**INSTRUMENTOS DE
AVALIACIÓN**

Observación. Valoracións do alumnado e profesorado.



9. TÍTULO: 17 MAIO (DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA E A TRANSFOBIA)	
DESCRICIÓN	<p>Campaña <i>As nosas familias son de cores</i>. Entrevistamos a unha persoa LGTBI da nosa familia ou do entorno próximo e presentámola en positivo ao resto da clase. É unha maneira de visibilizar e fomentar en positivo a diversidade sexual e as distintas identidades de xénero coas que convivimos.</p> <p>Cine fórum – Xoves de cine. O segundo xoves do mes de maio proxéctase unha película con temática LGTBI e desenvolverase un coloquio logo da súa proxección. Convidarase ás familias.</p>
OBXECTIVOS	<p>A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.</p> <p>Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.</p>
CONTIDOS	<p>Emocións</p> <p>Coeducación en emocións : educación emocional en igualdade.</p> <p>Adolescencia. Identidades. Relacións</p> <p>Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.</p> <p>Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.</p> <p>A construción social do amor.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	Alumnado da ESO
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Activa e participativa.</p> <p>Realización dun produto final co traballo realizado (vídeo, exposición...)</p>
TEMPORALIZACIÓN	3º trimestre
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación. Número de alumnado e familias participantes.

10. TÍTULO: CHARLAS DE IDENTIDADES E RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS NA ADOLESCENCIA

DESCRICIÓN	Charlas sobre as identidades adolescentes, educación afectivo-sexual.
OBXECTIVOS	<p>Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.</p> <p>Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.</p> <p>A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.</p> <p>Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.</p> <p>Sinais para detectar situacións de machismo.</p>
CONTIDOS	<p>Emocións</p> <p>Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.</p> <p>Adolescencia. Identidades. Relacións.</p> <p>Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.</p> <p>Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.</p> <p>A construción social do amor.</p> <p>Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.</p> <p>Linguaxe e (in)visibilización das mulleres. Uso non sexista da lingua a nivel oral.</p>
PERSOAS DESTINATARIAS	3º e 4º ESO.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	<p>Participativa</p> <p>Equipo CMG (Martina González Veiga, Sabela Maceira, Melisa Silva e Ishai Bravo)</p> <p>Orzamento de Igualdade do curso 2019/20</p>
TEMPORALIZACIÓN	1º trimestre
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación. Enquisas valorativas do alumnado.



11. TÍTULO: DÁMONOS A COÑECER

DESCRICIÓN	<p>Creación dunha sección na páxina web para difundir o Plan de Igualdade e todas as actividades relacionadas.</p> <p>Tamén se pretende seguir difundíndoas a partir das redes sociais do instituto (Facebook e Instagram da Biblioteca)</p> <p>Convocatoria dun concurso desde a Biblioteca, en colaboración co Departamento de Educación Plástica para escoller o noso LOGO COEDUCATIVO. Este incluírase en todas as acción coeducativas realizadas no centro.</p>
OBXECTIVOS	<p>Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos do centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Implicar o alumnado no deseño da sección web. -Difundir o labor realizado no centro.
CONTIDOS	Todos os contidos traballados nas outras acción coeducativas.
PERSOAS DESTINATARIAS	Toda a comunidade educativa.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Departamento TIC e Educación Plástica.
TEMPORALIZACIÓN	1º e 2º trimestres
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación. Visitas da páxina web e redes sociais.

12. TÍTULO: GRUPO DE TEATRO “VAI NOS DENTISTA”

DESCRICIÓN	<p>O obradoiro de teatro do IES Arcebispo Xelmírez 1 conta xa 25 anos de traxectoria ininterrompida.</p> <p>O alumnado que participa (70% de mozas e 30% de mozos) pasa a formar parte dun grupo, traballando a comunicación, o comportamento e a expresividade,</p>
-------------------	--



OBXECTIVOS

aprende a manifestarse libremente dentro dun colectivo, potencia a imaxinación creadora, participa na planificación de proxectos teatrais e valora a propia personalidade, dentro do grupo de teatro.

Cada ano resulta desta actividade a escenificación de unha ou dúas obras de teatro, que procuran a imitación e a exposición da realidade dentro doutras perspectivas novas, libres de prexuízos de xénero, orientación sexual e/ou outros. Tanto nas pezas resultantes, como en xeral no traballo durante os ensaios, o grupo evita o binarismo de xénero: os personaxes (homes e/ou mulleres) son interpretados por mozos e mozas, independentemente do sexo.

Coeducación en emocións

Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar co alumnado a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

Uso dunha linguaxe non sexista

A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

Sinais para detectar situacións de machismo e intervención directa.

Dentro dun grupo de traballo, propoñer a elaboración dun protocolo de prevención, detección e intervención ante casos de violencia machista e lgbtífobicos.

Creación dun grupo LGBTI+

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.

As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

Currículos

Análise dos textos e materiais sobre os que se



	traballa.
	Visibilización das mulleres nas obras.
	As desigualdades e discriminacións por sexo.
	Adolescencia. identidades. relacións.
	Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.
	Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.
	A construción social do amor.
	Escaleira da violencia machista na adolescencia.
	Indicadores de violencia sexual.
	Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.
	Linguaxe e invisibilización das mulleres.
	Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.
	Toda a comunidade educativa.
PERSOAS DESTINATARIAS	
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Experimentación coas técnicas de psicomotricidade e expresión.
	Obradoiros puntuais: silencios, ritmo, coros, composición, transición entre escenas,...
	Potenciamiento da responsabilidade: adxudicación de cometidos dentro do grupo, de xeito que todos e todas se sintan parte necesaria do equipo.
	Orzamento do EDL do centro.
	Salón de actos.
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación.

8. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS

Recursos humanos: tal como establece a lexislación, dentro do Consello Escolar hai unha Comisión de Igualdade, que está representada pola profesora Sagrario Torrado. Tal e como se recolle nas NOF, esta comisión ten carácter consultivo e desempeña as súas

funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que ten asignadas en materia de igualdade e velar pola correcta aplicación do disposto no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro e no plan de Igualdade (Instrución do 6 de setembro de 2019 para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020).

Fóra do CE, o equipo de Igualdade de centro está formado por tres profesoras (Sagrario Torrado, Marta Villa e Carme Moure) encargadas da planificación, elaboración e redacción deste plan. No curso 2018/19, as xuntanzas tiñan lugar fóra do horario lectivo, polo que os dous obxectivos iniciais para o curso 2019/20 son: primeiro, poder dispor dalgunha sesión, dentro do horario lectivo, para a coordinación e desenvolvemento satisfactorio do presente plan; segundo, motivar a máis integrantes do claustro a formar parte deste equipo e así, poder rotar funcións en cursos próximos. Ademais, preténdese que o alumnado participe activamente na posta en marcha deste proxecto, polo que a súas opinións, suxerencias, alternativas... serán solicitadas e escoitadas puntualmente en xuntanzas, que se celebrarán trimestralmente. O alumnado será aquel que curse as materias de Igualdade de Xénero e Coeducación para o século XXI, ou calquera outro con sensibilidade/concienciación feminista.

Recursos materiais: Aula de Convivencia para reunións e xuntanzas; Aula Magna e Biblioteca para o desenvolvemento das actividades nas que se requiran estes espazos; bibliografía do espazo Feminismos; orzamento de Igualdade para bibliografía e actividades coeducativas; outros recursos aportados polo centro.

9. DIFUSIÓN DO PLAN

A difusión deste Plan de Igualdade en toda a comunidade educativa é imprescindible para que cobren sentido e se poidan desenvolver axeitadamente as diferentes accións deseñadas. É, xunto co Plan de Convivencia, un documento esencial que debe guiar a vida cotiá do instituto, polo que a seu coñecemento resulta vital para poder ser aplicado e desenvolto con logros positivos e graduais.

De xeito permanente e para toda a comunidade educativa, facilítase:

1. O documento encadernado na conserxería.
2. O documento colgado na páxina web, na sección de documentos oficiais e cando se habilite, na sección de Coeducación.

De forma máis puntual, esta difusión vai realizarse en varios momentos clave:

- Ao inicio do curso: PWP na entrada do centro, cos aspectos máis destacados do Plan.

Ao alumnado, información por medio de:

1. Charlas do alumnado de Coeducación, nos niveis de 1º e 2º de ESO, nunha sesión informativa sobre o Plan (preferentemente ne sesións de titorías). Elaboración de dípticos informativos como proxecto coeducativo da materia.

2. Ao longo do curso, estudarase a posibilidade de que algunhas partes do Plan sexan utilizadas na materia de Lingua Galega e Literatura en 3º e 4º ESO, para traballar a produción e tipoloxía textual.

Ao profesorado, información a través de:

1. Claustro e CCP nos principios de curso.
2. Ao longo do curso, reunións de persoal titor, levadas polo departamento de Orientación e coa presenza dalgunha integrante da Comisión de Igualdade, nas que se expliquen algunhas accións do Plan que se vaian realizar.

Ás familias, información a través de:

1. Comunicado de Dirección que invite á lectura reflexiva do Plan de Igualdade.
- Ao final do curso:

Para visualizar todo o realizado ao longo do curso, realización dunha montaxe audiovisual, resumindo o traballo, os logros e os obxectivos cumpridos.

10. AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E REVISIÓN

A metodoloxía empregada para a realización da avaliación debe combinar unha análise cuantitativa (medir os resultados) e outra cualitativa (apreciar a dinámica e os resultados e valorar vivencias). Así, na avaliación do Plan, cómpre comparar todas as actuacións definidas previamente co seu desenvolvemento real, ademais do número de persoas implicadas nelas e o efecto producido.

Isto permite medir se se está no camiño de acadar os obxectivos previstos, se as actividades contribúen ao logro dos mesmos e planificar futuras accións. Así, irase facendo un seguimento ao longo do curso e unha valoración global, ao final do ano académico.

Os criterios de avaliación aplicados a cada unha das medidas coeducativas desenvoltas deben ser: pertinencia, eficacia, eficiencia, efectos e sustentabilidade e utilizarase para a valoración:

- Observación participante. As persoas implicadas directamente no desenvolvemento do Plan observarán actitudes, roles, diferenciación sexual nas actividades deseñadas, etc...
- Número de persoas participantes (alumnado, profesorado, familias)
- Estimación das actividades que se realicen por parte dos distintos departamentos didácticos.
- Nalgunha actividade pedirase valoración crítica de persoas con criterio coeducativo, pero non vinculadas directamente ao proxecto (familias, colectivos profesionais...)
- Enquisas final curso (profesorado, familias, alumnado) e/ou entrevistas. Estas últimas pretenden coñecer a percepción dun determinado aspecto en concreto e a valoración da(s) persoa(s) entrevistada(s).



Modelo de ficha de avaliación para cada actividade:

FICHA DE AVALIACIÓN					
Título da actividade:					
Resultou útil?	<input type="checkbox"/> SI		<input type="checkbox"/> NON		
	Razóns: _____ Aspectos a mellorar: _____				
Acadou todos os obxectivos?	<input type="checkbox"/> SI		<input type="checkbox"/> NON		
	Razóns: _____ Aspectos a mellorar: _____				
Adecuados os recursos humanos e materiais?	<input type="checkbox"/> SI		<input type="checkbox"/> NON		
	Razóns: _____ Aspectos a mellorar: _____				
Cal foi o impacto?	<input type="checkbox"/> Positivo		<input type="checkbox"/> Negativo		
	Aspectos a mellorar: _____				
Pode ter continuidade?	<input type="checkbox"/> SI		<input type="checkbox"/> NON		
	Aspectos a mellorar: _____				
Número de persoas participantes	Alumnas:	Profesoras:	Nais:		
	Alumnos:	Profesores:	Pais:		
Indicadores de logro / Porcentaxe acadada	· _____		%		
	· _____				
	· _____				
	· _____				
Grao de éxito da actividade	<input type="checkbox"/> 1	<input type="checkbox"/> 2	<input type="checkbox"/> 3	<input type="checkbox"/> 4	<input type="checkbox"/> 5

Algúns dos indicadores de logro para a avaliación nas distintas accións:

- Porcentaxe de profesorado implicado por nivel e departamentos didácticos (30%)
- Porcentaxe de profesorado varón implicado por nivel e departamentos didácticos (30%)
- Porcentaxe de unidades didácticas elaboradas con perspectiva coeducativa (50%)
- Porcentaxe de manuais de texto revisados (30%)
- Porcentaxe de familias que participan nas actividades nas que poden colaborar (20%)
- Porcentaxe de profesorado participante no grupo de traballo (25%)
- Porcentaxe de incremento da linguaxe non sexista a nivel oral e escrito (30%)
- Porcentaxe de alumnado implicado no grupo lgtbi+ (30%)
- Porcentaxe de titorías adicadas á coeducación en emocións (50%)
- Porcentaxe de profesorado que inclúe no currículo da súa materia a educación emocional (10%)
- Porcentaxe de conflitos xestionados positivamente (50%)
- Porcentaxe de alumnos participantes en actividades tradicionalmente femininas (clubs de lectura, estruturas de axuda, teatro...) 20%
- Porcentaxe de alumnas en actividades deportivas (40%)
- Porcentaxe de presentación de datos desagregados por sexo (a nivel académico e de convivencia) (50%)
- Porcentaxe de alumnado participante nas actividades realizadas en datas significativas (20%)
- Porcentaxe de solicitude de bibliografía feminista na biblioteca (30%)

A revisión do Plan efectuarase unha vez se teña feito a avaliación, a finais de curso e de cara ao curso académico 2021/22. Utilizarase o instrumento de análise **CAME** (**Corrixir** os puntos débiles, **Afrontar** as ameazas, **Manter** os puntos fortes e **Explotar** as oportunidades) do que sairán propostas de acción para mellorar e avanzar no plan de igualdade, unha vez realizada a avaliación.

11. GLOSARIO

COEDUCACIÓN

A coeducación consiste en educar ás rapazas e rapaces superando os roles de xénero que a sociedade prescribe para unhas e outros en función do sexo de pertenza. Segundo Luis Puche, no ensino, coeducar supón unha reflexión e acción críticas, encamiñadas a unha transformación liberadora desde o cruce entre o feminismo e a práctica educativa.

COIDADADO

Acariñar, escoitar, atender, soste, sentir afecto e empatía.

COLECTIVO LGTBIQ+

Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, lesbianas, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais, queer, e todas aquelas persoas que non se sintan incluídas no binarismo.

CORRESPONSABILIDADE

Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia -tradicionalmente asignado aos homes-, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas -tradicionalmente asignados ás mulleres, sexan asumidos e compartidos por tódalas persoas da unidade de convivencia.

CURRÍCULO OCULTO

O que se aprende na escola dun xeito nin explícito nin intencional e que ademais se transmite sen ser consciente o alumnado.

CURRÍCULO OMITIDO

O que non se nomea, non existe. O que non se visibiliza, non se ve. O que non se ensina, non se aprende. Investigar e reformular o contido das nosas materias para incorporar, cunha perspectiva coeducativa, contidos e realidades omitidas.

DETERMINISMO BIOLÓXICO

Defende que as diferenzas entre os dous sexos son de carácter biolóxico e, polo tanto, naturais e inmutables. Isto emprégase como xustificación "científica" para a discriminación das mulleres.

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Celebración reivindicativa o 8 de marzo.

DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Declarado pola ONU en honor ás irmás Mirabal, asasinadas pola ditadura de Trujillo o 25 de novembro de 1960.

DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO

Trato desigual a unha persoa ou colectividade por motivos de raza, sexo, ideas políticas, relixión, etc...

ESTEREOTIPO SEXUAL

Conxunto de ideas e crenzas preconcebidas en función de cada sexo.

FEMINICIDIO

Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.

FEMINISMO

Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgride e loita pola erradicación do sistema social imperante.

O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades e responsabilidades entre homes e mulleres.

FENDA SALARIAL

Diferenza de salario entre homes e mulleres por realizar o mesmo traballo



HOMOTRANSFOBIA OU DIVERSIFOBIA

Odio, rexeitamento ou antipatía cara ás lesbianas, homosexuais, bisexuais, intersexuais e trans, ou cara a aquelas persoas que aparentan selo ou se relacionan con elas.

IDENTIDADE DE XÉNERO

Forma en que cada persoa vive e interioriza o xénero, a súa postura persoal ante o feminino e o masculino. A maioría das persoas fan coincidir o sexo co que nacen co xénero que interiorizan, pero tamén hai persoas para quen o seu xénero non coincide co sexo co que naceron.

IGUALDADE

A desigualdade entre mulleres e homes ten a súa orixe na división sexual do traballo. Na sociedade moderna, a división sexual do traballo produciu unha clara dicotomía entre o ámbito público (Estado, mercado e sociedade civil) e o privado (familia) e os roles que se desempeñaban neles.

A igualdade admite diferenzas, mais non desigualdades.

A desigualdade supón discriminación e privilexio; e a diferenza implica diversidade entre cousas da mesma especie, o cal non implica discriminacións ou privilexios de ningún tipo. A igualdade non significa eliminación das diferenzas, senón a ausencia de discriminación pola existencia destas.

INTERSECCIONALIDADE

Enfoque feminista para unha análise non discriminatoria, baseada no recoñecemento das identidades múltiples que habitan, de maneira conxunta e inseparable, nunha mesma persoa e que poden implicar desigualdade.

LINGUAXE: EMPREGO SEXISTA E ANDROCÉNTRICO

Utilización sesgada da lingua que conleva minusvaloración, ridiculización... das mulleres no caso do sexismo e exclusión e invisibilización das mesmas no caso do androcentrismo.

MACHISMO

Actitudes, condutas, prácticas sociais e crenzas destinadas a xustificar e promover o mantemento da discriminación contra as mulleres.

MISOXINIA

Sexismo que implica odio e desprezo polas mulleres.

PATRIARCADO

Etimoloxicamente, **patriarcado** procede do grego e significa "gobierno dos pais". O adxectivo **patriarcal** describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres.

Gerda Lerner (1986) definiuno como "a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos/as da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral"

PREXUÍZOS

Ideas que, a pesar de seren falsas ou simplificadoras, se aceptan como se fosen verdade, ao estaren baseadas en estereotipos culturalmente establecidos.

ROLES DE XÉNERO



Comportamentos, atributos, expectativas, papeis sociais, funcións ou tarefas que se asignan ou agardan dunha persoa ou grupo de persoas determinadas en función do sexo ao que pertencen.

Son estereotipos que asignan capacidades, potencialidades e valores diferentes a mulleres e homes baseándose nunha construción errónea da identidade sexo-xénero.

SEXISMO

Actitudes que favorecen e perpetúan a desigualdade e a xerarquización no trato recibido polas mulleres baseándose na súa diferenciación sexual.

SORORIDADE

Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

TEITO DE CRISTAL

Barreira invisíbel que impide ás mulleres o acceso a postos de responsabilidade. Son formas de discriminación indirecta que obstaculizan a súa promoción.

TRANSVERSALIDADE

En Coeducación, supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenrolo e seguimento de todas as actuacións que afecten, dun xeito directo ou indirecto, á comunidade educativa.

TRANSXÉNERO

Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.

VIOLENCIA MACHISTA

Todo acto de violencia sexista que ten como resultado un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación de liberdade para as mulleres.

VISIBILIZACIÓN

Acción de facer público o legado das mulleres e tratar de reparar a inxustiza cometida por ter ocultado o seu paso e pegadas pola historia.

ANEXO 1

NÚMERO DE ALUMNADO CURSO 2019/20

TÁBOA 1			
CURSO	Nº ALUMNOS	Nº ALUMNAS	TOTAL
1º ESO A	19	12	31
1º ESO B	15	14	29
1º ESO C	13	16	29
2º ESO A	16	12	28
2º ESO B	12	18	30
2º ESO C	8	19	27
3º ESO A	15	12	27
3º ESO B	12	13	25
3º ESO C	14	12	26
4º ESO A	20	9	29
4º ESO B	16	11	27
4º ESO C	12	18	30
1º BAC A	11	13	24
1º BAC B	5	19	24
1º BAC C	19	12	31
1º BAC D	12	18	30
2º BAC A	11	14	25
2º BAC B	12	14	26
2º BAC C	12	14	26
2º BAC D	17	9	26
TOTAL	271	279	550

EBI I	6	4	10
ESA I-II	13	6	19
ESA III-IV - A	21	16	37
ESA III-IV - B	16	20	36
1º BAC A	5	1	6
1º BAC B	12	10	22
2º BAC A	17	9	26
2º BAC B	22	21	47
1º FPB Informática de oficina	14	3	17
2º FPB Informática de oficina	8	3	11
1º CM Video discjockey e son (R.O.)	17	4	21
2º CM Video discjockey e son (R.O.)	22	6	28
CM Video disc-jockey e son (O.M.)	22	6	28
TOTAL	195	109	304

TÁBOA 2 . NOCTURNO		
1º BACH CIENCIAS	16	32
1º BAC CIENCIAS SOCIAIS	21	14
1º BAC HUMANIDADES	9	4
2º BAC CIENCIAS	22	30
2º BAC CIENCIAS SOCIAIS	18	19
2º BAC HUMANIDADES	13	2
CICLO	10	36
TOTAL	109 MULLERES	137 HOMES

TÁBOA 3 . DIURNO		
1º BACH CIENCIAS	30	31
1º BAC CIENCIAS SOCIAIS	23	12
1º BAC HUMANIDADES	8	5
2º BAC CIENCIAS	23	29
2º BAC CIENCIAS SOCIAIS	17	17
2º BAC HUMANIDADES	13	4
CICLO	30	31
TOTAL	114 MULLERES	98 HOMES

TÁBOA 4		
PERSOAS DELEGADAS	ALUMNA	ALUMNO
1º ESO A	EQUIPO A	
1º ESO B	EQUIPO A	
1º ESO C	EQUIPO A	
2º ESO A		
2º ESO B		
2º ESO C		
3º ESO A	EQUIPO A	
3º ESO B	EQUIPO A	
3º ESO C	EQUIPO A	
4º ESO A		
4º ESO B		

4º ESO C		
1º BAC A		
1º BAC B		
1º BAC C		
1º BAC D		
2º BAC A		
2º BAC B		
2º BAC C		
2º BAC D		
EBI II		
ESA I-II		
ESA III-IV - A		
ESA III-IV - B		
1º BAC A		
1º BAC B		
2º BAC A		
2º BAC B		
1º FPB Informática de oficina		
2º FPB Informática de oficina		
1º CM Video discjockey e son (R.O)		
2º CM Video discjockey e son (R.O.)		
CM Video disc-jockey e son (O.M.)		
TOTAL	11 ALUMNAS DELEGADAS	16 ALUMNOS DELEGADOS

TÁBOA 5		
PROFESORADO	58 MULLERES	28 HOMES
EQUIPO DIRECTIVO	1 MULLER	4 HOMES
PERSOAL ADMINISTRATIVO	2 MULLERES	0 HOMES
PERSOAL CONSERXE	1 MULLER	3 HOMES
PERSOAL LIMPEZA	4 MULLERES	0 HOMES
TOTAL	66 MULLERES	35 HOMES

TÁBOA 6 . CONSELLO ESCOLAR		
EQUIPO DIRECTIVO	1 MULLER	3 HOMES
PROFESORADO	4 MULLERES	2 HOMES
FAMILIAS	1 MULLER	2 HOMES
ALUMNADO	3 MULLERES	1 HOME
PERSOAL NON DOCENTE	1 MULLER	0 HOMES
REPRESENTANTE CONCELLO	1 MULLER	0 HOMES
TOTAL	11 MULLERES	8 HOMES

TÁBOA 7		
ACTIVIDADES LÚDICAS/COMPLEMENTARIAS	ALUMNAS	ALUMNOS
XADREZ	5	20
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	+ baloncesto e bádminton	Case o total en fútbol
CLUB DE CIENCIA	11	3
CLUBS DE LECTURA	7	3

TEATRO	27	2
GRUPO SOLIDARIO	19	2
MEDIACIÓN	6	1
CIBERMENTORÍA	8	1
IGUALDADE DE XÉNERO	28	6
COEDUCACIÓN PARA O S.XXI	16	3
TOTAL	127	41